

PLAN XERAL DE

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.
4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1. Medidas ordinarias

- Traballo cooperativo do profesorado dentro da aula.
- Apoio de profesorado ordinario
- Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación.
- Metodoloxías que favorezan a individualización e promovan a inclusión.
- Enriquecemento curricular.
- Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social e educación en valores.
- Programas colectivos de estimulación da linguaxe e prevención de dislalias.
- Programa preventivo de posibles déficits sensoriais e retraso na fala en educación infantil.
- Programa de detección en 4º de educación infantil de retraso na linguaxe e comunicación.
- Programa de valoración psicopedagóxica do todo o alumnado que remata ciclo.
- Reforzo educativo.
- Plan específico de reforzo e recuperación para repetidores.
- Outras medidas.

4.2. Medidas extraordinarias

- Apoio especializado.
- Flexibilización do período de escolarización.
- Grupo de adquisición das linguas.
- Escolarización combinada
- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria
- Adaptación curricular.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

7.1. *Coordinación entre educación primaria e o CPI.*

7.2. *Coordinación entre 6º de educación infantil e o 1º ciclo de educación primaria e entre ciclos de primaria.*

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

11. APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP Refoxos de Loureza-Oia é un centro incompleto de catro unidades (unha para infantil e tres para primaria) e que está adscrito ao Departamento de Orientación do CRA M^a Zambrano de O Rosal para o que elaboramos esta PXAD e concretamos para o CEIP Refoxos tendo en conta as súas características.

Partindo da situación e contexto no que se atopa o centro elaboramos este Plan Xeral de Atención á Diversidade tal e como establece a lexislación actual e ven regulado polo Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/11).

Segundo o artigo 10 do Decreto 229/2011, o “Plan Xeral de Atención á Diversidade” é o documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da LOE. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

Educación na diversidade conleva asumir esta e desenvolver o seu papel enriquecedor: ensinar a cada alumno segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de integración e normalización...

Así, no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), establécense as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e a adecuación da resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado do centro. Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas distintas actuacións e medidas concretas, que debe formar parte da programación xeral anual, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña (artigo 11.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro). Conforme ao artigo 13.2 do Decreto 229/2011, “ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.”

A Dirección do centro será a responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

As necesidades se sitúan en tres planos principais: as necesidades do alumnado, as necesidades do centro (colexio e profesorado) e as necesidades do contexto (familias e entorno). Na actualidade podemos falar das seguintes necesidades nos ámbitos mencionados:

- Necesidades do alumnado:
 - ✓ Acadar o nivel lectoescritor correspondente á súa idade.
 - ✓ Adquirir unha competencia lingüística suficiente para expresarse sen mesturar o galego e o castelán.
 - ✓ Dificultades de linguaxe e articulación que persisten en nenos do último curso de educación infantil e 1º ciclo de educación primaria.
 - ✓ Incorporar estratexias que potencien a atención, identificar os aspectos máis importantes da información, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer,...

- Necesidades do centro e profesorado:
 - ✓ Aumentar o horario do/a mestre/a de AL e necesidade dun mestre/a de PT para poder atender adecuadamente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

 - ✓ Asesoramento en canto a medidas de atención á diversidade e fomentar a participación do profesorado nas decisións do centro e na adopción de medidas de atención á diversidade.

 - ✓ Delimitación clara de responsabilidades en canto á atención á diversidade.

- Necesidades relativas ás familias:
 - ✓ Implicación no proceso educativo dos nenos/as.
 - ✓ Informar, dende o inicio do curso, das distintas competencias do persoal do centro e implicar as familias nas actividades que se leven a cabo informándoas.
 - ✓ Promover dende a casa xa adquisición tanto de normas, rutinas como hábitos xa desde as primeiras idades.
 - ✓ Aumentar a lectura nos fogares como algo lúdico.

- Necesidades do contorno:
 - ✓ Traballar coordinadamente cos centros e servizos do contorno (CPI, servizos sociais e sanitarios,...).
 - ✓ Fomentar a relación fluída e de diálogo entre a Comunidade Educativa, as Administracións e outras institucións.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

- 1) Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade de todo o alumnado na procura de que todos/as adquiran as competencias básicas no maior grao que lles sexa posible.
- 2) Considerar medidas xerais e específicas que permitan detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe tan pronto como se produzan.
- 3) Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 4) Diseñar respostas educativas e planificar actuacións para a atención á diversidade en xeral e para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo en particular.
- 5) Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das MAD.
- 6) Optimizar o uso dos recursos do centro tanto materiais, persoais ou organizativos co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, en especial a aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo, na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (artigo 7) “enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”. Estas medidas se clasifican en ordinarias e extraordinarias.

4.1. Medidas ordinarias

No artigo 8 define: “Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade que poden desenvolverse no noso centro figuran:

➤ **Traballo cooperativo do profesorado dentro da aula.**

Esta medida supón o traballo conxunto na aula dun profesor/a do centro con dispoñibilidade horaria co/a profesor/a da área ou titor/a do grupo, colaborando en todas ou algunhas actividades. O/a profesor/a da área ou titor/a será o/a responsable da planificación do proceso de aprendizaxe e do seguimento e avaliación do alumnado.

Esta tarefa será desenvolta preferentemente por profesorado da mesma etapa do nivel no que se leva a cabo e no primeiro ciclo de educación primaria, nas áreas instrumentais básicas (lingua castelá/galega e literatura e matemáticas).

Serán criterios a considerar na distribución deste profesorado:

- Número de alumnos do grupo.
- Presenza de alumnos repetidores.
- Presenza de alumnos con necesidade específica de apoio educativo se ese grupo non pode contar con apoio especializado.

➤ **Apoio de profesorado ordinario**

O profesorado ordinario poderá desenvolver tarefas de apoio. As tarefas de apoio levaranse a cabo de forma prioritaria nas áreas ou materias instrumentais.

Con carácter xeral, poderá ser destinatario desta medida todo o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, se ben aquel que presente necesidades educativas especiais será obxecto de atención preferentemente por profesorado especialista de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

No deseño destes apoios, o/a orientador/a seguirá os mesmos criterios prioritarios que sinalamos no apartado anterior para organizar o apoio especializado.

➤ **Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación.**

Estas actuacións teñen por obxecto dar resposta aos requirimentos de determinado alumnado con necesidade específica de apoio educativo en relación a algunhas áreas. Fundamentaranse nas indicacións do/a orientador/a nos seus informes.

➤ **Metodoloxías que favorezan a individualización e promovan a inclusión.**

Empregándose estratexias tales como:

- a. Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.
- b. Tutoría entre iguais.

- c. Aprendizaxe por proxectos.
- d. Aprendizaxe por tarefas.
- e. Autoaprendizaxe ou aprendizaxe autónomo.
- f. Aprendizaxe por descubrimento.
- g. Talleres de aprendizaxe.
- h. Organización de contidos por centros de interese.
- i. Traballo por recunchos.
- j. Grupos interactivos.
- k. ...

➤ **Enriquecemento curricular.**

Destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización. O seu desenvolvemento estará a cargo do profesorado do alumno co asesoramento dos servizos de orientación.

➤ **Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social e educación en valores.**

Traballarase en todas as etapas mediante actividades concretas que figuran nas programacións de aula e conforme ao establecido no Plan de Convivencia.

Os equipos de ciclo concretarán estas actuacións e levarán a cabo o seu seguimento e avaliación. Os titores desenvolverán cos seus respectivos grupos as actividades programadas.

➤ **Programa colectivo de estimulación da linguaxe e prevención de dislalias.**

Destinado ao segundo ciclo de educación infantil.

A súa programación, desenvolvemento, e avaliación estará a cargo do profesorado especialista en AL coa colaboración do/a titor/a, se é o caso, e coa coordinación por parte do DO. Anexo II

➤ **Programa preventivo de posibles déficits sensoriais e retraso na fala en educación infantil**

O programa está destinado ao alumnado de 5º de educación infantil. A súa programación, desenvolvemento e avaliación estará a cargo do/a orientador/a do centro coa colaboración do/a titor/a. Anexo II

➤ **Cuestionario de detección en 4º de educación infantil de retraso na linguaxe e comunicación.**

Está destinado ao alumnado que inicia a escolarización no centro (4º EI) e naqueles casos nos que se detecten dificultades na comunicación e relación cos seus iguais. A valoración deste alumnado estará a cargo do/a orientador/a do centro coa colaboración do/a titor/a. Utilízase o cuestionario suxerido pola especialista en TXD do Equipo de Orientación Específico, M-CHAT. Anexo I

➤ **Programa de valoración psicopedagóxica do todo o alumnado que remata ciclo.**

O programa de exploración psicopedagóxica da totalidade do alumnado forma parte dun enfoque preventivo e de atención temperá que, desde o punto de vista psicopedagóxico, realiza o Departamento de Orientación do centro.

Os destinatarios serán o alumnado de 6º de Educación Infantil e 2º, 4º e 6º de Educación Primaria. Anexo II

➤ **Reforzo educativo.**

Regulado pola Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG, 07/11/1995), o reforzo educativo é unha medida dirixida a aqueles alumnos que, con modificacións do currículo que no afecten aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e, de ser o caso, as competencias básicas, poden superar as súas dificultades e seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Elaborado e desenvolto polo profesor que imparte docencia ao alumno na área obxecto de reforzo no contexto escolar ordinario. Este profesor poñerá en coñecemento do titor ou titora que o comunicará á xefatura de estudos e informará ao pai, nai ou titor legal do alumno.

Poderá contar coa colaboración de profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria ou, se é o caso, de profesorado de PT ou AL. Nestes casos será preceptivo o informe do/a orientador/a.

Ao remate do curso o profesor responsable do reforzo elaborará un informe individualizado do mesmo segundo o modelo incluído no Anexo I. Deberá quedar constancia da aplicación desta medida nos correspondentes documentos académicos do alumno.

➤ **Entre as medidas ordinarias que o centro desenvolverá cabe tamén destacar:**

- a. Diversificación e adaptación de recursos e materiais didácticos.
- b. Traballo xeneralizado nas áreas da educación primaria da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- c. Adecuación da estrutura organizativa do centro (agrupamentos, espazos...) ás características do alumnado.
- d. Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- e. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- f. Proposta de actividades de reforzo, ampliación ou libre elección.

4.2. Medidas extraordinarias

“Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado co necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes”.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.” (Artigo 9 Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

➤ **Apoio especializado.**

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fóra da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe resultado da avaliación psicopedagóxica realizada polo/a orientador/a.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe e de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor, pai, nai ou titor legal a/o orientador/a do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado/a alumno/a.
- Cumprimentación por parte do demandante do cuestionario previo aportado polo/a orientador/a. Anexo I.
- Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte do DO. Anexo I

A/o orientador/a elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta uns criterios prioritarios que especificamos noutro epígrafe.

Cada trimestre, o profesor de PT e/ou AL cubrirá unha ficha de seguimento e ao final de curso elaborará un informe relativo ao apoio realizado segundo o modelo que figura no anexo I.

➤ **Flexibilización do período de escolarización.**

De conformidade co establecido nos artigos 15.4 e 16.6 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e nos artigos 17 e 19 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro:

A. Educación infantil

- A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.
- Cando en educación infantil se opte pola permanencia dun alumno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

B. Educación primaria

- A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
- En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

Procedemento para solicitude de flexibilización:

 *Procedemento para a solicitude no caso de alumnado con nee.*

No artigo 30 da Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG, 30/01/03), establécese:

- Para que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan acollerse ás flexibilizacións, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente xefatura territorial. Esta acompañarase da seguinte documentación:
 - a. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor
 - b. Conformidade expresa dos pais ou titores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é.
 - c. Fotocopia compulsada do expediente académico
 - d. Proposta de adaptación do currículo segundo disposto na Orde do 6 de outubro de 1995.
- A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.
- Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.
- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril. As xefaturas territoriais trasladaranas á Dirección Xeral antes do 31 de maio, acompañándoas dos informes correspondentes.
- A resolución correspondente comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.
- Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno que en cada caso correspondan.

Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación

Na Orde de 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG, 28/11/96), establécese:

- A sobredotación debe ser acreditada mediante avaliación psicopedagóxica.
- A decisión de reducir o período de escolarización irá acompañada de medidas curriculares para que non se limite a un simple adianto de curso.
- Informarase ao alumno e aos pais ou titores. Estes últimos deberán dar a conformidade por escrito.
- O alumnado con sobredotación intelectual será escolarizado en centros ordinarios.
- As adaptacións curriculares promoverán o desenvolvemento de capacidades establecidas nos obxectivos xerais da educación obrigatoria.
- A decisión de reducir o período de escolarización así como as medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal

decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Esta anulación terá tamén carácter reversible.

- Poderá anticiparse un ano a escolarización no primeiro curso de educación primaria unha vez acreditada a sobredotación, e se prevea que dita medida é a máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos de educación infantil.
- Poderá reducirse un ano a escolarización en educación primaria unha vez acreditada a sobredotación, e se prevea que dita medida é a máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do ciclo que lle corresponde cursar.
- Aconsellarase unha adaptación curricular de ampliación dentro do curso que lle corresponda por idade cando, realizada a avaliación psicopedagóxica, se comprobe que o alumno obtén un rendemento excepcional nun número limitado de áreas ou cando, aínda obtendo un rendemento global alto, se detectara desequilibrio co ámbito afectivo e de inserción social.

Tal como reflicte a citada orde, haberá que establecer medidas curriculares:

- A adaptación curricular para un alumno con sobredotación pode referirse ao enriquecemento de obxectivos e contidos, flexibilización de criterios de avaliación, metodoloxía con modificación de actividades, materiais e secuencia de contidos.
- Desde os primeiros niveis de escolarización e durante a educación obrigatoria o alumno con sobredotación poderá seguir medidas de enriquecemento.
- A adaptación do currículo poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias materias, cando se valore que o rendemento nelas é alto e ten adquiridos os obxectivos do ciclo ou nivel que lle corresponde cursar.
- Poderanse utilizar fórmulas flexibles de organización grupal que faciliten a incorporación deste alumnado a grupos de diferente nivel de competencia curricular ao que lle corresponde por idade.
- A avaliación naquelas materias obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados para eles.

O procedemento de solicitude contempla:

- Solicitude do/a director/a a/o orientador/a de avaliación psicopedagóxica do alumno, a instancia do contorno familiar ou escolar e coa conformidade do pai, nai ou titores legais.
- Elaboración das medidas de adaptación curricular.
- Informe da inspección educativa sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.
- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.

- A Xefatura Territorial trasladaraa á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 31 de maio, acompañánda do informe correspondente.
- A resolución comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado. A medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos do alumno que en cada caso correspondan.

➤ **Escolarización combinada**

Conforme ao punto 1c do artigo 16 do Decreto 229/2011, do 21 de decembro, entre as modalidades de escolarización considérase: “A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial”.

Segundo o referido Decreto (artigo 16.1c, 2 e 3) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 44, 45, 46) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.
- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.

O procedemento para o inicio da *escolarización combinada* inclúe:

- 1) Elaboración da avaliación psicopedagóxica do alumno pola orientadora.
 - 2) Redacción do ditame de escolarización polo orientador do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno ou para o que se solicita a súa admisión acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais do alumno na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.
 - 3) Presentación pola dirección do centro da solicitude na Xefatura Territorial acompañada da documentación referida ,que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.
- No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.
 - O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.
 - O profesor titor do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.

- A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da xefatura do Departamento de Orientación correspondente, que será trimestral en educación infantil e, cando menos, anual nas demais ensinanzas.
- A proposta de revisión de escolarización poderase iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou titores legais.
- Se é o caso, a dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á xefatura territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

➤ **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria**

O artigo 25 do Decreto 229/2011, de 21 de decembro, sinala que “a atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.”

Segundo o referido Decreto (artigo 25) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 47 a 51) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

- O alumnado de longa e media hospitalización recibirá atención educativa en coordinación co centro de orixe.

- O de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

- Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado que deba permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a un mes e o que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

- O centros educativos, a través do departamento de orientación, proporcionarán aos servizos de atención educativa hospitalaria e domiciliaria toda a información relativa ao alumno, especialmente a referida á súa competencia curricular.

- O servizo de atención hospitalaria e domiciliaria remitirá ó centro de referencia do alumno os informes relativos ao seu progreso, cunha periodicidade mínima mensual e ao finalizar esta modalidade de atención educativa.

- Solicitude da atención educativa hospitalaria ou domiciliaria:

- Formulada perante a Xefatura Territorial pola dirección do centro, a instancia dos seus pais ou titores legais.
- Irá acompañada dos debidos informes que a xustifiquen.

- O colexio establecerá, a partir da CC, un programa individualizado de atención educativa para o alumno, no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

- A elaboración e seguimento dese programa levaraa a cabo o titor do alumno en colaboración co servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do departamento de orientación.

- Cando as condicións do alumno así o requiran, o equipo de orientación específico proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

➤ **Adaptación curricular.**

Esta medida seguirá o procedemento establecido na orde do 6 de outubro de 1995. Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha ACS para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Terá como referente os obxectivos xerais de etapa, precisados na concreción curricular do centro para cada ciclo.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Precisarán autorización da inspección educativa correspondente. Terán unha duración mínima dun ciclo educativo.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento do/a orientador/a e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.

A ACS revisarase periodicamente, polo menos, ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elaborara a adaptación.

Os criterios de avaliación establecidos nas ACS serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno. (Artigo 16.4 D 130/2007, do 28 de xuño, e Artigo 5 da Orde do 23 de novembro de 2007).

Ao remate de cada un dos ciclos, e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da

persoa titora (artigo 6 do D 130/2007, do 28 de xuño). Determinarase así mesmo, a necesidade ou non dalgunha ACS no curso seguinte e, en caso necesario, as liñas xerais da mesma.

Avaliación diagnóstica, ACS e informe de inspección formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

A ACS reflíctese no boletín de información ás familias, no expediente académico, historial académico, informe persoal por traslado, se é o caso, actas de avaliación, informe de avaliación final de ciclo e informe de avaliación final de etapa: (Orde ECI/ 1845/2007, de 19 de xuño pola que se establecen os elementos dos documentos básicos de avaliación da educación básica regulada pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado. (BOE, 22/06/07). Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a (avaliación do segundo ciclo da educación infantil). Orde do 23 de novembro de 2007 (avaliación de educación primaria).

Proceso de elaboración:

a. Avaliación diagnóstica:

- O/a profesor/a que estime a conveniencia de adaptar o currículo dalgun alumno/a, solicitará a avaliación diagnóstica á/o orientador/a, cumprimentando o cuestionario previo que o Departamento de Orientación ten ao efecto.
- O/a orientador/a realizará a avaliación psicopedagóxica, emitindo o correspondente informe.
- Recollerá datos relevantes sobre a situación socio-familiar do/a alumno/a e sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Eses datos serán aportados tanto polo equipo educativo responsable do/a alumno/a como polo/a orientador/a do centro, o EOE, se é o caso, ou calquera outro profesional que estea participando na atención do devandito alumno.

b. *Reunión, coordinada pola xefatura de estudos*, á que asistirán: titor, profesores das áreas a adaptar e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación, as áreas a adaptar así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

c. *Redacción do documento (ACS)*, coa estrutura que se detalla neste Plan Xeral de Atención á Diversidade. Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e a orientadora elaborará a parte formal da adaptación curricular.

d. Unha vez elaborada a ACS, procede unha *nova reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación do xefe de estudos*, para a revisión do documento, previa á súa remisión á inspección educativa.

e. *Envío da proposta de ACS ao correspondente servizo provincial de inspección* que emitirá un informe e tomará decisión sobre a súa aprobación.

As ACS deben de estar rematadas e aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser o referente da avaliación do alumno. Consecuientemente é conveniente establecer prazos no proceso de elaboración:

- 1) Solicitude de avaliación psicopedagóxica á orientadora: mes de setembro, tras a avaliación inicial.
- 2) Primeira reunión co xefe de estudos: segunda quincena de outubro.
- 3) Elaboración das programacións e entrega destas últimas ao orientador/a en soporte informático para a elaboración do documento: primeira quincena de novembro.
- 4) Remisión do documento á inspección educativa: segunda quincena de novembro, tras a segunda reunión de revisión coordinada polo xefe de estudos.

É competencia do xefe de estudos na atención á diversidade, *coordinar a actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación*. Artigo 34 h do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21/10/96).

É función do profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais *colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas*. Artigo 84 D. 374/1996, do 17 de outubro.

É función do titor *coordina-las adaptacións curriculares dos alumnos do seu grupo*. Artigo 80 f. D. 374/1996, do 17 de outubro.

É función do/a orientador/a *realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza*. Artigo 7g do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/1998) e artigo 11h da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 31/07/1998).

A elaboración da ACS debe seguir un modelo que lle dea ao traballo realizado polos profesionais do centro educativo un sentido global, coordinado e unitario, ao tempo que se recolle o establecido na normativa.

O modelo para a realización da parte formal das ACS e da programación das distintas áreas obxecto de adaptación figura no Anexo I.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Os criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas no epígrafe anterior veñen concretados no desenvolvemento que facemos dos diferentes aspectos relacionados coas mesmas.

A atención á diversidade e en especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo debe contar cunha dotación axeitada de recursos tanto persoais como materiais.

➤ Recursos materiais

Proponse que tanto no propio centro coma na aula exista unha distribución flexible do espazo e do mobiliario en diferentes áreas ou actividades. Procurarase rentabilizar ao máximo os recursos ordinarios, evitando a utilización de recursos específicos, salvo cando sexa totalmente necesario.

Na selección de materiais tratarase que sexan atractivos para os alumnos, que poidan experimentar con eles participando na consecución dos resultados, que sexan sinxelos, seguros e de fácil reposición e tamén funcionais e polivalentes.

➤ Recursos persoais

Os medios humanos cos que contamos para atender á diversidade son: os/as mestres/as titores/as, os/as mestres/as de áreas, o/a mestre/a especialista en audición e linguaxe (un día semanal), o/a orientador/a (un día semanal) e, se é o caso, o equipo de orientación específico.

Ademais contamos coas familias, que son a parte mais importante na educación dos seus fillos polo que debemos implicalas tamén no labor escolar, mantendo unha fluída e estreita colaboración e moito mais se cabe cando falamos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Non obstante, como principios ou liñas prioritarias da acción global que o centro desenvolve para atender á diversidade queremos salientar:

- Aproveitamento adecuado dos recursos humanos do centro.
- Posta dos recursos materiais ao servizo das actuacións de mellora do proceso educativo.
- Garantía das condicións que aseguren a calidade dos servizos e actuacións que desenvolvemos.
- Procura do beneficio do maior número de alumnado.
- Priorización da atención ás necesidades máis perentorias sen renunciar á equidade na distribución dos recursos.
- Procura de recursos para a mellora cuantitativa e cualitativa da atención ao alumnado tanto da administración educativa como de outros organismos ou entidades.

Criterios para establecer o apoio do/a mestre/a de AL

O/a mestre/a de Audición e Linguaxe (AL) prestará a súa atención educativa ao alumnado con neae, coa seguinte orde de prioridade:

1. Alumnado cuxa competencia na comunicación oral estea ausente ou seriamente comprometida e/ou precisan un SAAC:
 - ✓ Déficit auditivo
 - ✓ Parálise Cerebral
 - ✓ TXD
 - ✓ Discapacidade Intelectual
 - ✓ Trastorno Específico da Linguaxe
2. Alumnado con dificultades na adquisición da linguaxe oral.:
 - ✓ Retraso da linguaxe e fala asociada a déficit auditivo, cognitivo e/ou motor.
O programa de Estimulación da Linguaxe Oral ten como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades. A adquisición e desenvolvemento da linguaxe é a aprendizaxe mais importante que deben realizar os nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida. De cómo se estimule e progrese esta aprendizaxe dependerán as interaccións sociais que o/ neno/a estableza e de estas, a súa vez, unha maior e mellor estimulación e comprensión do mundo que lle rodea, converténdose así nun pilar fundamental da aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS:

- a) Favorecer o desenvolvemento da linguaxe oral.
- b) Traballar os órganos e funcións implicadas no desenvolvemento da fala.
- c) Detectar dificultades no ámbito lingüístico.

3. DESENVOLVEMENTO

O programa será levado a cabo polo profesorado especialista en AL que será o responsable da súa programación e implementación, contando coa colaboración do departamento de orientación así coma do/a mestre/a de educación infantil.

O tempo dedicado será de unha sesión semanal ao grupo e se reflexará no horario anual de AL.

4. RECURSOS MATERIAIS

O centro dispón do programa “O dragón Pepón” que poderá ser complementado con outros materiais dispoñibles ou de elaboración propia.

5. AVALIACIÓN

Ao final de curso realizarase unha memoria.

Realizarase un cadro co alumnado con posibles dificultades da linguaxe que deberían ser avaliadas dun xeito individual.

B) O PROGRAMA DE EXPLORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA AO ALUMNADO

1. INTRODUCCIÓN

O programa de exploración psicopedagóxica da totalidade do alumnado forma parte dun enfoque preventivo e de atención temperá que, desde o punto de vista psicopedagóxico, realiza o Departamento de Orientación do centro.

Toda a información acadada transmítese ao profesorado, alumnado e familia (se o/a orientador/a o considera).

2. OBXECTIVOS

- a. Colaborar cos profesores no coñecemento de cada alumno co obxecto de axustar a intervención educativa ás súas características persoais.
- b. Proporcionar ao profesorado información sobre o grupo-clase de cara a introducir, se é o caso, as modificacións ou axustes metodolóxicos e organizativos precisos para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

3. DESENVOLVEMENTO

As exploracións psicopedagóxicas que conforman este programa levaraa a cabo a/o orientador/a do centro, informando dos resultados ao profesorado e familias, se así se considera. O titor, sempre que sexa oportuno, dará a coñecer esta información aos alumnos.

As exploracións realizaranse no 6º curso de Ed. Infantil e no 2º,4º e 6º curso de Ed. Primaria e segundo a temporalización que figure no Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) de cada curso.

3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

C) O PROGRAMA PREVENTIVO DE POSIBLES DÉFICITS SENSORIAIS E RETRASO NA FALA EN EDUCACIÓN INFANTIL

1. DESTINATARIOS: Alumnado do 2º curso do 2º ciclo de educación infantil. (5º de EI: 4 anos)

2. ÁREAS DE PREVENCIÓN:

- Linguaxe oral
- Perda auditiva
- Perda visual

3. OBXECTIVOS:

- Realizar un screening para coñecer as necesidades reais do alumnado en canto dificultades na fala, posible déficit auditivo e visual.
- Coñecer os posibles casos que necesitarán apoio por parte da especialista de audición e linguaxe.
- Artellar medidas axeitadas de reforzo educativo para posibles nenos con certas carencias na expresión.
- Descartar posible déficit auditivo que provoque retraso na evolución da linguaxe oral.
- Coñecer posibles déficits visuais que poidan incidir negativamente no desenvolvemento do alumno, tanto a nivel persoal como escolar.

4. ACTIVIDADES:

Para levar a cabo dito programa faremos as seguintes actividades:

- Proposta no DO do inicio do programa.
- Reunión co/a titor/a de EI no mes de abril, para concretar datas e solicitar a súa colaboración na preparación e estimulación dos/as nenos/as a participar activamente.
- Traballar co grupo-clase os símbolos que serán utilizados na proba visual.
- Exploración individual co alumnado.
- Elaboración do informe do grupo e orientacións.
- Reunión co/a mestre/a e especialista de Audición e linguaxe para dar a coñecer os resultados do programa.
- Xuntanza co equipo docente para informar dos resultados, buscar mais orientacións e avaliar o programa.

5. TEMPORALIZACIÓN: Realizarase todos os anos no 3º trimestre do curso.

6. METODOLOXÍA:

A exploración levarase a cabo de xeito individual co alumnado, nunha sala fóra da aula. Os pais serán informados nos casos en que a avaliación sexa negativa:

- Para pedirlle mais información e consentimento para unha valoración mais exhaustiva do fillo, se é o caso.
- Para remitilos ao especialista mais idóneo.
- Para ofrecerlles pautas e orientacións para estimular a linguaxe oral.

7. RECURSOS:

- Persoais: a/o orientador/a fará a primeira valoración. Despois a/o mestre/a de audición e linguaxe participará no estudio dos casos mais significativos.
- Materiais:
 - Cuestionarios da perda auditiva
 - Modelo visual da ONCE para a prevención de Defectos visuais.
 - Rexistro fonolóxico inducido. RFI de Cepe.

8. AVALIACIÓN:

Este programa avaliarase o final da aplicación das probas, se terá en conta o número de casos detectados e o tratamento e medidas postas en marcha para intentar solucionar os déficits detectados.

APLICACIÓN DO PROGRAMA - EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS

Previamente, determínanse coas/as titores/as as datas de aplicación, e entréganse as autorizacións pertinentes que deberán asinar os pais para a aplicación da proba. No caso de ter a autorización asinada ao inicio de curso, informarase ás familias mediante unha nota.

1º- REXISTRO FONOLÓXICO

Individualmente. Anotaremos as incidencias para deste xeito elaborar o programa de intervención de cara ao curso seguinte.

2º- PROBA DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA

Individualmente. Detrás do/a neno/a, nun ton baixo, dise unha palabra, o/ neno/a terá que repetila. Primeiro tápase un oído e despois o outro.

Tamén, sentados fronte a nos, tapando a nosa boca, eles terán que repetir as palabras do listado de palabras semellantes.

Si se detectará algunha anomalía (preguntan, no escoitan ben, ...), derivarase ao especialista correspondente.

3º- PROBA DE AGUDEZA VISUAL

Individualmente. Se leva gafas, xa non se fai.

Previamente o/a titor/a terá traballado con eles as formas dos optotipos, para que xa as coñezan.

Seguiremos as pautas marcadas na folla de aplicación.

Anotaranse os resultados na folla prevista para elo.

PROBAS:

A) DISCRIMINACIÓN AUDITIVA

B) AGUDEZA VISUAL

A) DETECCIÓN DE PERDA AUDITIVA EN EDUCACIÓN INFANTIL:

PROBA DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA

1. Realizárase nun lugar silencioso
2. Individualmente
3. Facer unha lista de palabras familiares, bisílabas e coñecidas polo neno/a
4. Colocámonos detrás do neno/a que deberá estar sentado, e dicímoslle que repita as palabras que nós pronunciamos.
5. Podemos empezar con voz normal (40-50 dbs), e seguir con voz baixiña (25-30 dbs) e con voz forte (55-60 dbs)
6. Obteremos así o % de perda en cada un dos tres casos coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Nº Errores} \times 100}{\text{Nº total de Palabras Utilizadas}} = \% \text{ de perda voz baixa –normal-forte}$$

Nº total de Palabras Utilizadas

Tamén, sentados fronte a nos, tapando a nosa boca , eles terán que repetir as palabras do listado de palabras semellantes.

Se se detectará algunha anomalía (preguntan, no escoitan ben, ...), derivar ao especialista.

7. Se o neno/a a nivel expresivo só ten 2 ou 3 palabras, pero a **nivel comprensivo** ten máis, ou colabora mellor, podemos colocar obxectos familiares ou xoguetes enriba dunha mesa, no chan ou nunha caixa. Xogamos un pouco con eles e despois, ímosllos pedindo de un en un, utilizando distintas intensidades de voz. O resultado será menos preciso, pero tamén será válido para confirmar ou descartar perda auditiva.
8. Cada neno/a terá unha folla de rexistro dos resultados acadados.

DETECCIÓN DA PERDA AUDITIVA EN EDUCACIÓN INFANTIL

ALUMNO/A _____

CENTRO _____ DATA DE NACEMENTO _____

DATA DE VALORACIÓN _____

VOZ NORMAL 40 - 50 DBs			
PALABRAS	ERRORES	PALABR.SEMELLANTES	TRANSCRIPCIÓN
CASA		CASA - CAJA	
ARBOL		SACA - SECA	
COCHE		CARA - CAMA	
MESA		TAPA - LAPA	
PERRO		MASA - PASA	
SILLA		ROSA - RISA	
GATO			
DEDO			
VASO			
PATO			

$\frac{\text{N}^\circ \text{Errores} \times 100}{\text{N}^\circ \text{ total de Palabras Utilizadas}} = \text{\% de perda voz baixa -normal-forte}$

Nº total de Palabras Utilizadas

VOZ BAIXA 25 - 30 DBs			
PALABRAS	ERRORES	PALABR.SEMELLANTES	TRANSCRIPCIÓN
CASA		CASA - CAJA	
ARBOL		SACA - SECA	
COCHE		CARA - CAMA	
MESA		TAPA - LAPA	
PERRO		MASA - PASA	
SILLA		ROSA - RISA	
GATO			

DEDO			
VASO			
PATO			

$\frac{\text{N}^\circ \text{Errores} \times 100}{\text{N}^\circ \text{ total de Palabras Utilizadas}} = \text{\% de perda voz baixa -normal-forte}$

Nº total de Palabras Utilizadas

VOZ FORTE 55 – 60 DBs			
PALABRAS	ERRORES	PALABR.SEMELLANTES	TRANSCRIPCIÓN
CASA		CASA – CAJA	
ARBOL		SACA – SECA	
COCHE		CARA – CAMA	
MESA		TAPA – LAPA	
PERRO		MASA – PASA	
SILLA		ROSA – RISA	
GATO			
DEDO			
VASO			
PATO			

$\frac{\text{N}^\circ \text{Errores} \times 100}{\text{N}^\circ \text{ total de Palabras Utilizadas}} = \text{\% de perda voz baixa -normal-forte}$

Nº total de Palabras Utilizadas

B) PREVENCIÓN DE DEFECTOS VISUAIS

TEST DE AGUDEZA VISUAL

1. Realizárase de xeito individual
2. Distancia do test: situar ao neno/a a **3 m. de distancia**
3. Explorar **cada ollo por separado**, asegurarse de que o neno mira soamente por un ollo (taparlle o ollo)
4. Tras explorar un ollo , **anotar a agudeza visual** que alcanza. É a que ven expresada nas cifras decimais ao lado esquerdo das figuras do optotipo (0,10 – 0,16 – 0,25 – 0,40 – 0,50 – 0,63 – 0,80 – 1,00)
5. Considérase **visión normal**:
 - Para nenos/as de **4 anos**: Cando cheguen a liña do **0,63** o máis
 - Para nenos/as de **5 anos** o máis:Ao chegar á liña do **0,80** o máis
6. Nome das figuras representadas: círculo-redondo-“O”, casiña-pentágono, corazón-mazá-mariposa, cadrado-cadro-vantana.
7. No caso de atopar dificultades na realización da proba ou diferenzas de agudeza visual entre ámbolos dous ollos, o neno/a debe considerarse como ambliope (ollo vago), e polo tanto aconsellar a súa avaliación por un oftalmólogo.

PROCEDEMENTO

1. Tras sentar ao neno fronte ao cadro de optotipos se lle sinalan as figuras grandes, e se lle pregunta como se chaman cada unha delas, para que o neno as identifique correctamente
2. Empézase a preguntar polas figuras máis grandes, aconsellándose que para o primeiro ollo explorado, se lle mostren as figuras do lado esquerdo do optotipo de arriba a abaixo, e segundo descendamos e as figuras sexan máis pequenas, podemoslle preguntar por dous o máis figuras da mesma liña, para asegurarnos da resposta dada e ter seguridade,
3. Co outro ollo, débese proceder de igual xeito, pero sinalando as figuras do outro lado do optotipo, para evitar a repetición das mesmas e polo tanto a súa posible memorización, o que invalidaría o resultado.
4. Todos os datos anotarase nunha folla de rexistro

FOLLA REXISTRO

TEST DE AGUDEZA VISUAL

ALUMNO/A _____ DATA NAC _____

COLEXIO _____ CURSO _____ DATA EXPL. _____

VISIÓN OLLO DEREITO		VISIÓN OLLO ESQUERDO	
VISIÓN NORMAL Opt. 0,63		VISIÓN NORMAL Opt. 0,63	
OUTRO OPTOTIPO		OUTRO OPTOTIPO	

OBSERVACIÓNS _____

PREVENCIÓN DE DEFECTOS VISUAIS

TEST DE AGUDEZA VISUAL

ALUMNO/A _____ DATA NAC _____

COLEXIO _____ CURSO _____ DATA EXPL. _____

VISIÓN OLLO DEREITO		VISIÓN OLLO ESQUERDO	
VISIÓN NORMAL Opt. 0,63		VISIÓN NORMAL Opt. 0,63	
OUTRO OPTOTIPO		OUTRO OPTOTIPO	

OBSERVACIÓNS _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

COLEXIO RURAL AGRUPADO

MARÍA ZAMBRANO

Código centro: 36024173 CIF: S-3600013-A

Baixo Casa-Escola Pías s/n - 36760 O ROSAL (Pontevedra)
Teléfono-Fax:986610335 e-mail:cra.maria.zambrano@edu.xunta.es



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Benqueridas familias, dende o **Departamento de Orientación**, queremosvos informar, que vaise desenvolver co alumnado de 5º de Educación Infantil (4 anos) o **“Programa preventivo de posibles déficits sensoriais e retraso na fala na educación infantil”**.

No caso de detectar algún déficit nalgún neno ou nena, comunicaríaselle de xeito individual á familia.

Un saúdo.

D) O PLAN DE ACOLLIDA

ÍNDICE

1. Introdución
2. Obxectivos
3. Desenvolvemento

3.1. Alumnos de nova incorporación

3.1.1. Nenos de educación infantil

- a. Na matriculación
- b. Na primeira quincena de xuño
- c. Durante a segunda quincena de xuño
- d. Durante a primeira quincena de setembro
- e. Durante a segunda quincena de setembro

3.1.2. Alumnado procedente doutros centros

- a. No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula
- b. Durante a primeira quincena de setembro

3.1.3. Alumnado inmigrante

- a. Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural
- b. Acollida á familia no centro
- c. Avaliación inicial e adscrición
- d. Acollida do alumno na aula
- e. Medidas de acceso ao currículo organizativas e de funcionamento
- f. Desenvolvemento de competencias interculturais
- g. Estratexias metodolóxicas

3.2. Profesorado de nova incorporación ao centro

4. Seguimento e avaliación do plan

1. INTRODUCCIÓN

Todos os anos se incorporan ao centro novos profesores e alumnos: de educación infantil, procedentes doutros colexios ou inmigrantes. Non é fácil para ningún deles: pásase de un ambiente que se coñece e domina a outro descoñecido e todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza.

No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación. O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos. É un proceso biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro. O centro terá a responsabilidade de programar e organizar esta incorporación á escola cunha planificación coidada, especial e de atención particular a cadaquén, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

Este programa trata de dar resposta a esta necesidade, contemplando as accións a desenvolver en relación coa incorporación do novo profesorado e alumnado co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria dos recen chegados, tendo en conta que algunhas actuacións deberán complementarse con outras recollidas no PXAD.

2. OBXECTIVOS

1. Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
2. Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
3. Establecer liñas de colaboración coas familias, informais e implícitas no período de adaptación.
4. Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, favorecendo a sensación de seguridade, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización diferente e a un mundo relacional distinto.
5. Conseguir unha idónea adaptación do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.
6. Favorecer a relación dos nenos novos cos seus compañeiros.
7. Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración.
8. Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.
9. Acadar o coñecemento das circunstancias persoais de cada neno.

3. DESENVOLVEMENTO

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida, desenvolveranse as seguintes actuacións:

3.1. Alumnos de nova incorporación.

3.1.1. Nenos de educación infantil.

a) Na matriculación:

O equipo directivo recibirá ás familias durante a matriculación, realizando unha función informativa básica acerca da escola e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipáselles que no mes de xuño serán convocadas a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza dos nenos para coñecer a escola e todo o relativo ao proceso de incorporación destes.

b) Durante a 1ª quincena de xuño:

O equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido.

Se houberse nenos con NEAE o/a orientador/a terá un primeiro contacto coas familias para recoller información sobre o alumnado. Posteriormente determinaranse, se fose o caso, as actuacións pertinentes.

c) Durante a 2ª quincena de xuño:

1. O equipo de educación infantil fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión:

- Expor as liñas básicas do proxecto educativo.
- Informar sobre o horario da aula (distribución do tempo, actividades...).
- Informar sobre o profesorado especialista co que se conta.
- Xustificar e explicar o período de adaptación.
- Explicar a importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.
- Presentar en que forma se planificará a entrada graduada e cal será o horario.
- Expor as respostas á entrada na escola que os nenos poden manifestar en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante estas condutas.
- Comentar a postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.
- Anticipar que durante o mes de setembro se realizarán as entrevistas para recadar información significativa.
- Informar dos diferentes servizos que ofrece o centro escolar.
- Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas.

3. Xornada de portas abertas: visita ao centro do alumnado xunto coa súa familia. É conveniente que os/as nenos/as acudan ao centro para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos, profesorado, persoal laboral e alumnado dende a proximidade tranquilizadora do familiar que o acompaña. As quedas de visita quedarán establecidas na reunión anterior.

d) Durante a 1ª quincena de setembro:

O equipo docente de educación infantil:

- Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.
- Realizará a entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos sobre o alumno.
- Decidirá o momento da incorporación de cada neno establecendo os agrupamentos e horarios para a entrada graduada, tendo en conta a presenza daqueles nenos que manteñan relación de amizade, veciñanza ou familiaridade, a data de nacemento e a experiencia previa ou non nunha gardaría.

e) Durante a 2ª quincena de setembro:

- O alumnado de continuidade no centro virá dende o primeiro día en xornada completa. A incorporación dos nenos novos ás aulas realizarase en grupos reducidos, segundo determine o equipo docente de educación infantil.
- A permanencia na aula será, como máximo e no caso dos nenos e nenas de tres anos ou de catro que se escolaricen por vez primeira, de dúas horas durante a 1ª semana e de tres durante a 2ª.
- A partir do mes de outubro as actuacións son as normais.

3.1.2. Alumnado procedente doutros centros.

a. No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:

Ao formalizar a matrícula, o equipo directivo informará ás familias acerca da escola e responderá ás preguntas que se susciten.

Os nenos deben visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos do centro, profesorado, persoal laboral e alumnado.

b. Durante a 1ª quincena de setembro:

O profesorado-titor convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recabará aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinarlles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

3.1.3. Alumnado inmigrante.

A chegada ao centro educativo supón para un alumno inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo: en moitos casos a lingua, os seus compañeiros da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc. E todo iso nun momento persoal difícil, ao estar vivindo simultaneamente a perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativos son moi distintos aos do resto dos seus compañeiros.

Así, estes alumnos enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

- Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.
- Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.

- Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.
- Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos da súa propia nacionalidade.
- Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

a. Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Este labor levarase a cabo con:

- O alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- Os pais, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.
- O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

b. Acollida á familia no centro

→ Recibimento

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor: a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o castelán, pódese recorrer a algún pai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

→ Información achegada polo Centro

A dirección do centro recibirá aos pais e ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- Sistema educativo español.
- Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora ó alumno; división en ciclos-cursos, sistema de avaliación, promoción, etc.
- O funcionamento do centro: quén somos, qué facemos e qué obxectivos pretendemos.
- Documentos e normas do centro.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro. Horario do alumno.

- Canles de participación na vida do Centro.
- Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.
- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro.
- Material escolar necesario.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc. Pediráselles a pertinente autorización asinada.
- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
- Servizos fóra da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

➔ Documentación solicitada.

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.
- Información sobre a súa procedencia.
- Situación laboral e familiar.

c. Avaliación inicial e adscrición

De conformidade co establecido no Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U :

“Como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

De seguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto”

O nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica.

A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderá propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do

profesorado que lle dá clase, e elevarase ao xefe de estudos, quen decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do alumno recen chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

d. Acollida ao alumno na aula

→ **Actividades de presentación e coñecemento mutuo.**

O titor, que posúe todos os datos do alumno novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos cooperativos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

→ **Alumnos titores.**

O profesor titor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

→ **Outras liñas de actuación na aula.**

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

e. Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos as decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción titorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa:

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.

No caso de precisar apoio especializado (AL) ou do profesorado do colexio seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo/a orientador/a. É importante no caso deste alumnado desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar.

Nas ACS estarase ao establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, seguindo o que se recolle no PXAD.

O desenvolvemento de medidas de tipo organizativo ven regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

Ademais das anteriormente referidas, deberanse ter en conta :

- Medidas de coordinación

Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos o xefe de estudos deberá prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información sobre os/as alumnos/as e a toma de decisións sobre a intervención. Para iso faise aconsellable determinar reunións periódicas co titor, os profesores de área e o departamento de orientación. Este seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumno e as súas posibilidades reais de integración no centro.

- Actividades extraescolares.

O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar. Deste modo, débese fomentar a participación dos alumnos en xogos, competicións deportivas, actividades lúdicas, etc., que con carácter voluntario o centro ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar.

- Colaboración con outras entidades

O propio tecido social, as súas institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar.

Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións facilitando unha coordinación de medios e fins para optimizar os recursos dispoñibles e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

Neste sentido, a Delegación do Goberno respecto á inmigración, os Servizos Sociais do Concello, a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, dependente da Consellería de Emigración así como as asociacións subvencionadas cada ano por esta Consellería, poden prestar un servizo de gran utilidade.

f. Desenvolvemento de competencias interculturais.

Desde a consideración de todos/as os/as alumnos/as como cidadáns activos/as dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción titorial que involucre a todo o profesorado e se reflecta en todas as actividades escolares.

Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- recorrer a contidos que reflictan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.
- poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.
- promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.

Como contidos concretos desta proposta poden formularse:

➔ Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro.

Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta.

Convirá, non obstante, que a atención se centre máis nos aspectos comúns que compartimos que nas diferenzas en canto tales.

➔ Habilidades de interacción social e convivencia.

Para que o alumnado se sinta cómodo e integrado na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminadora entre os membros do grupo.

g. Estratexias metodolóxicas.

➔ Prácticas pedagóxicas.

Coa incorporación do alumnado inmigrante faise necesario traballar o desenvolvemento de actitudes que promovan unha convivencia baseada na consideración da diversidade cultural nun plano de igualdade fundamentado no respecto á dignidade de todas as persoas. Con este obxectivo debe promoverse no noso centro o uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos habilidades interpersoais e de traballo en equipo como:

- O diálogo construtivo,
- A aprendizaxe no diálogo e a aprendizaxe cooperativa.
- A escoita activa e a negociación.
- A valoración da diversidade.
- A responsabilidade persoal xunto co compromiso e as relacións solidarias.
- Titorización por parte de alumnos e familias.
- Colaboración con entidades e persoal que traballan co alumnado inmigrante e as súas familias.

➔ Formación.

A formación a través da participación en cursos, experiencias sobre a educación intercultural, convivencia, etc, é un dos eixes que pode potenciar a labor educativa eficaz do profesorado e dos propios centros co alumnado inmigrante posibilitando a innovación educativa, o intercambio de

experiencias educativas entre centros, o acceso a materiais e documentos, asesoramento en temas relacionados co alumnado inmigrante e desfavorecido, etc.

3.2. Profesorado de nova incorporación

Cando un profesor se incorpore a este centro, o equipo directivo informarlle do seu funcionamento e organización xeral (horarios, gardas, etc.), mostraralle as dependencias do CEIP, ...

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos e do desenvolvemento das distintas actuacións realizarase a partir das valoracións do profesorado encargado de poñelas en práctica e recollerase na memoria do Departamento de Orientación.

4.1. Instrumentos de avaliación

Cada profesor avaliará, a través dun cuestionario (anexo I) que entregará a orientación as actuacións nas que participou: acollida do alumnado inmigrante, de educación infantil, alumnado procedente doutros centros ou profesorado de nova incorporación.

E. PLAN DE ACOLLIDA NO CPI “A MATA”.

O Plan de Acollida do CPI “Manuel Suárez Marquier” foi elaborado polo propio centro coas achegas do departamento de orientación do CEIP Refoxos.

A continuación incorporamos o documento no que se enmarcan as actuacións de acollida ao alumnado procedente do CEIP Refoxos.